



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Bases da convocatoria de axudas a deportistas de alto interese municipal 2024

ANUNCIO

Mediante a resolución da Alcaldía núm.580/2024 do 30/09/2024 aprobouse realizar a convocatoria pública e aprobar as bases da convocatoria de axudas a deportistas de alto interese municipal 2024.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS DE ALTO INTERÉS MUNICIPAL 2024

1. Obxecto

É obxecto da presente resolución establecer as bases e a regulación da tramitación e concesión, por parte do Concello de Abegondo, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de becas a deportistas de Abegondo co obxecto de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto no que se refire ao perfeccionamento técnico e mellora no rendemento na participación en competicións oficiais nas distintas modalidades deportivas recoñecidas en deportes, como posibilitar a participación en eventos deportivos de nivel, cando se cumpran os requirimentos e obrigas impostos nas presentes bases.

En base ao exposto procédese a establecer as bases reguladoras de becas para a mellora e perfeccionamento de deportistas empadroados no Concello de Abegondo que destaquen na participación de competicións oficiais nas distintas modalidades deportivas. En ningún caso serán obxecto desta convocatoria a realización de cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas ao Concello.

Avaliarase a traxectoria e os méritos deportivos relativos a anualidade 2023. Enténdese por anualidade obxecto de subvención do 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

2. Beneficiarios e requisitos para formular as solicitudes

Poderán ser beneficiarios e obxecto destas axudas as persoas físicas que sexan deportistas:

1. –Estar inscrito no Padrón municipal do Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima ininterrompida de dous anos a contar dende a publicación desta convocatoria.

2. –Dispoñer de licenza federativa relativa á anualidade obxecto da subvención expedida pola Federación Deportiva que corresponda.

3.–Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, o Concello de Abegondo e a Seguridade Social.

4–Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou muy grave.

5–Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (art. 13 da Lei 38/2003 de Subvencións).

6.–Non ter condición de profesional ou que teña contrato laboral como deportista cun club.

3.–Dispoñibilidade orzamentaria e importe.

3.1-O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizaranse con cargo á aplicación 341-48000 dos orzamentos do Concello de Abegondo para o exercicio 2024. A convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:

3.2- Esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Concello de Abegondo para o exercicio 2024.

3.3- A contía total máxima estimada é de oito mil euros (8.000 €)

3.4- No expediente de gasto que se tramite, a certificación de existencia de crédito.

3.5- Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito existentes no momento en que se produciron eses actos.

4.- Regras de aplicación de determinados criterios de valoración

En relación coas categorías deportivas por idades:

En relación con este aspecto, e ante a enorme dificultade e diversidade de categorías nas distintas disciplinas deportivas, establécese a este respecto a seguinte catalogación xeral:

Sénior Categoría absoluta da modalidade

Júnior Categoría inmediatamente inferior a sénior. Nalgunhas federacións será júnior, xove, promesa, xuvenil, sub 19.etc

Base: Etapas de formación anterior a júnior.

Para os efectos de encadrar aos solicitantes nalgunha das categorías deportivas por idade, a Comisión de Valoración atenderá ao nivel de competición que se determine na certificación da Federación Galega achegada polo solicitante.

En relación coa puntuación dos campionatos, soamente se terá en consideración un só resultado por campionato e tempada, esta regra responde á existencia de federacións deportivas que nalgunhas disciplinas realizan campionato de inverno e outro de verán tanto de ámbito autonómico e nacional, e pola contra outras federacións só realizan un anual.

Terá a consideración de proba individual aquela en que unha soa persoa deportista é responsable, a través da súa execución, do desenvolvemento e do resultado na competición deportiva. Tamén se considerarán individuais aquelas probas que se desenvolvan de maneira simultánea de ata 4 compoñentes e aquelas que constitúen un agregado de 2, 3 ou 4 deportistas que integran un equipo executando unha acción repetitiva e semellante (barcos de remo e piragüismo de máis dun tripulante, probas de persecución de equipos de ciclismo,...).

Terá a consideración de proba de equipo aquela en que se compite en parella, trío ou con máis compoñentes. (fútbol, baloncesto, balonmán, ...)

As copas de España, independentemente do seu formato, non terán a consideración de campionatos de España.

Para valorar un resultado deportivo, será a través da federación española ou das federacións autonómicas.

En deportes colectivos, consideraranse persoas membros do equipo todas as persoas deportistas oficialmente inscritas na acta; se o campionato se celebra en varias fases, unicamente se considerarán persoas membros do equipo aos xogadores e xogadoras participantes na súa fase final.

5. - Presentación de solicitudes e prazo

5.1-As solicitudes presentaranse, de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Abegondo ou no Rexistro Xeral de Entrada do Concello con destino ao servizo de deportes nun prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación dun estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Tamén poderán presentarse solicitudes a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas.

5.2- Documentación da solicitude:

5.2.1 Documentación administrativa no modelo oficial establecido na convocatoria.

a) A Solicitude deberá cumprimentarse e presentarse no modelo oficial establecido que se adxunta nesta convocatoria.

b) No caso de que a solicitude sexa presentada a través de representante, deberá achegarse a autorización escrita asinada pola persoa interesada autorizando o dito representante para solicitar a subvención. Non será precisa esta autorización no caso de solicitudes de menores de idade asinadas polo pai, nai ou titor legal.

c) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do seu representante legal, no caso de menores de idade, ou documento que regulamentariamente o substitúa.

d) Declaración de ter a licenza vixente durante a anualidade obxecto de subvención, coa Federación correspondente da modalidade deportiva para a que solicitan a subvención.

e) Declaración responsable de non atoparse incurso a persoa solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, co Concello de Abegondo e a Seguridade Social. Na solicitude de beca o interesado autoriza ao Concello a consultar o cumprimento deste apartado. De non facelo, deberá o interesado aportar as certificacións acreditativas oportunas. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Abegondo, e sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello de Abegondo, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, aportando as certificacións acreditativas oportunas.

g) Declaración da persoa solicitante da subvención na que consten as subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentas, sexan públicas ou privadas.

h) Autorización, para recibir a través de correo electrónico e/ou mensaxe de telefonía móbil a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do acordo de resolución do concurso. A presentación deste documento non é obrigatoria, senón voluntaria, pero en caso de non presentarse non se lle efectuará ningunha comunicación individual á persoa interesada relativa á emenda de deficiencias na solicitude e ao acordo de resolución do concurso. A información correspondente publicarase exclusivamente a través da sede electrónica do Concello.

De conformidade co establecido no artigo 287 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, non será necesario que as persoas solicitantes acheguen o seu DNI ou documento equivalente de acreditación da súa identidade e o certificado ou volante de empadramento, dado que o Concello comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Non obstante, no caso de que a persoa solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta, deberá achegar o seu DNI ou documento equivalente xunto coa solicitude, así como o certificado ou volante de empadramento.

j) No caso que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello de Abegondo, o solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1 do apartado d) do artigo 53 da Lei 39/2015, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados, ou no seu caso emitido, sempre e cando non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

5.2.2 Documentación para a valoración no modelo oficial establecido na convocatoria.

a) Historial deportivo (máx 100 puntos)

Historial deportivo, segundo o modelo que figura na solicitude, obtido durante o ano obxecto de subvención, no que haberán de constar as participacións e os resultados obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial acreditarase mediante a presentación dunha certificación da a través da federación española ou das federacións autonómicas correspondente na que se acrediten os méritos deportivos alegados no anexo indicando datas, lugar e nivel de competición.

As competicións non organizadas polas federacións deportivas deberán ser recoñecidas expresamente pola federación galega, nacional ou internacional correspondente a través de certificación.

b) Proxecto deportivo (máx 30 puntos)

Proxecto deportivo segundo o modelo que figura na solicitude, que permita avaliar a progresión deportiva do solicitante, especificando os campionatos nos que participou ao longo do exercicio obxecto da subvención.

O solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente, como recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etc.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa a orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias. Non obstante, no caso de que algunha copia suscite dúbidas, poderase requirir o documento ou información orixinal.

c) Outros méritos (máx 22 puntos)

Valoraranse aquelas outras circunstancias en función da documentación aportada polo solicitante.

- A infrarrepresentación no deporte español ou galego na modalidade deportiva concreta.

– Ter a consideración durante a tempada obxecto da subvención de DGAN segundo a Orde do 30 de maio de 2005 en desenvolvemento do Decreto 6/2004 de 8 de xaneiro (DOG núm. 106 do 3 de xuño) e o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

– Ter a consideración durante a tempada obxecto da subvención de “deportista nacional de alto nivel ou alto Rendemento” segundo o Real Decreto 917/2007 do 13 de xullo (BOE núm. 177 do 25 de xullo) A cualificación como deportista de nivel NON será acumulativa, no caso de acreditar as dúas cualificacións (nacional e galego) só se valorará a que figure acreditada no máximo nivel.

_ Estancia en centros de alto rendemento na anualidade obxecto de subvención.

– Ter participado coa selección española nalgunha competición na anualidade obxecto de subvención.

– Ter participado coa selección galega nalgunha competición na anualidade obxecto de subvención.

6. – Procedemento de concesión.

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, realizarase a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable, sen prexuízo da posibilidades de requirir documentación complementaria no suposto sinalado na base quinta, apartado.

Unha vez examinada a documentación, un prazo de ata 5 días para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizaranse exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica municipal. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web. Logo de transcorrer o prazo de emenda de deficiencias, e unha vez instruído o expediente, este pasará á Comisión de Valoración, que formulará a proposta de resolución conforme ás seguintes regras:

a) Con respecto ás persoas solicitantes que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto das persoas solicitantes, proporase a súa admisión a trámite e posteriormente formularase a proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos nas bases.

7.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde ou persoa en que delegue.

Vogal: Técnico/a de deportes ou persoa en que delegue.

Secretario: Secretario accidental ou persoa en que delegue.

Os membros da Comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico de sector público.

8.- Criterios de valoración.

8.1. Historial deportivo (máx. 100 puntos) de acordo co seguinte baremo

Campionato galego (en deportes de motor ou deportes onde existan varias probas puntuables valorarase a clasificación final do campionato, en deportes colectivos só se terá en conta os campións e podios na mesma categoría os que compitan na liga de máximo nivel de dito deporte).

Categoría	Campión	Podio (2º-3º)	
Sénior	30	25	
Júnior	25	20	
Base	20	15	

Campionato de España ou competicións relevantes a nivel nacional (en deportes de motor ou deportes onde existan varias probas puntuables valorarase a clasificación final do campionato).

Categoría			
	Campión	Podio (2º-3º)	Participar
Sénior	50	45	35
Júnior	45	40	30
Base	40	35	25

Campionatos de Europa ou competicións relevantes a nivel internacional (en deportes de motor ou deportes onde existan varias probas puntuables valorarase a clasificación final do campionato).

Categoría			
	Campión	Podio (2º-3º)	Participar
Sénior	75	70	60
Júnior	70	65	55
Base	65	60	50

Campionatos do Mundo (en deportes de motor ou deportes onde existan varias probas puntuables valorarase a clasificación final do campionato).

Categoría			
	Campión	Podio (2º-3º)	Participar
Sénior	100	95	85
Júnior	95	90	80
Base	90	85	75

8.2. Proxecto deportivo (máx. 30 puntos): valorarase o grao de interese do proxecto presentado, a proxección de futuro do deportista e a súa progresión ao longo dos últimos anos.

8.3. Outros méritos (máx. 22 puntos): valoraranse aquelas outras circunstancias en función da documentación aportada

– A infrarrepresentación no deporte español ou galego na modalidade deportiva concreta: ata 3 puntos

–Ter a consideración durante a tempada obxecto da subvención de DGAN segundo a Orde do 30 de maio de 2005 en desenvolvemento do Decreto 6/2004 de 8 de xaneiro (DOG núm. 106 do 3 de xuño) e o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia: ata 6 puntos

–Ter a consideración durante a tempada obxecto da subvención de “deportista nacional de alto nivel ou alto Rendemento” segundo o Real Decreto 917/2007 do 13 de xullo (BOE núm. 177 do 25 de xullo): ata 6 puntos.

A cualificación como deportista de nivel NON será acumulativa, no caso de acreditar as dúas cualificacións (nacional e galego) só se valorará a que figure acreditada no máximo nivel.

–Estancia en centros de alto rendemento na anualidade obxecto de subvención: 3 puntos

–Ter participado coa selección Galega nalgunha competición na anualidade obxecto de subvención: 4 puntos.

–Ter participado coa selección española nalgunha competición na anualidade obxecto de subvención: 6 puntos.

9.–Procedemento para a concesión de becas.

A proposta de resolución provisional notificarase ás persoas interesadas mediante anuncio público nos seguintes taboleiros e lugares de difusión: páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Abegondo. Concederase un prazo de 3 días naturais para presentar alegacións. Examinadas as alegacións presentadas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano competente, neste caso o alcalde, que deberá indicar a relación de solicitantes beneficiarios

para os que se propón a concesión da beca, e a súa contía, especificando a puntuación obtida e os criterios de valoración empregados.

O expediente de concesión da beca conterá o informe do órgano instructor no que conste da documentación aportada, as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas. A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa deportista beneficiaria fronte á Administración, mentres non se teña notificado a resolución definitiva de concesión. O acordo de resolución definitiva incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpran coas condicións administrativas y técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de persoa beneficiaria.

Se algunha das persoas beneficiarias renunciase á beca concedida definitivamente, o órgano competente acordará, sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de beca ao solicitante ou solicitantes seguintes por orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se libere crédito suficiente.

A proposta de resolución definitiva notificarase ás persoas propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 de la Lei Xeral de Subvencións e os artigos 40, 41, 42 y 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de tres días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada. Conforme co disposto no artigo 45.1 b) a notificación poderá ser substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, surtindo os mesmos efectos.

O prazo máximo de resolución será de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o prazo de remate de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto desestimatorio.

10.-Publicidade do acordo de concesión

Na sede electrónica municipal do Concello, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, ao abeiro do disposto no artigo 45. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do anterior, ás persoas solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas nestas bases, realizaráselles unha comunicación persoal por mensaxe de telefonía móbil ou correo electrónico para avisar da publicación da resolución na sede electrónica municipal do Concello. No caso de que non presenten a dita autorización non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

11.-Xustificante e pago de subvención

As bolsas poderanse aboar nun único prazo (100 % subvención) ou poderase aboar en dous prazos do seguinte xeito:

-75% á concesión da bolsa

-25% final, coa presentación da documentación xustificativa.

Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Neste senso, o solicitante da bolsa autoriza ao Concello de Abegondo, no momento da presentación da súa solicitude, para que poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda municipal.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria na conta indicada no certificado bancario presentado pola persoa solicitante.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da bolsa, terase en conta a certificación da federación presentada polo/a bolseiro/a.

Transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa becada presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requerirá para que a presente no prazo improrrogable de 5 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación no prazo concedido suporá a perda do dereito ao cobro da beca outorgada, e o reintegro do primeiro prazo percibido xunto cos intereses de demora correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades previstas en la Lei Xeral de Subvencións.

12.- Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a:

- Cumprir con todas as normas establecidas nos apartados anteriores.
- Cumprir os obxectivos marcados nesta convocatoria para poder percibir a beca. Enténdese que se cumpriron os obxectivos cando o deportista becado acredite que cumpriu a lo menos a metade dos obxectivos marcados no proxecto inicial.

- Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- Ter participado nas probas deportivas correspondentes á súa modalidade e categoría deportiva durante o ano obxecto da subvención.
- Levar o logotipo do Concello de Abegondo na súa equipación deportiva nun lugar visible (se é o caso), así como en caso de dispoñer paxina web o redes sociais, se faga constar que o deportista está becado polo Concello de Abegondo e colocando o logo municipal nas redes.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- As demais obrigas impostas pola Lei Xeral de Subvencións y polas demais normas reguladoras da materia.

13. - Compatibilidade con outras axudas ou subvención públicas ou privadas

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera subvención pública ou privada que poidan recibir os deportistas.

14.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións

En caso de incumprimento da persoa beneficiaria por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, tramitárase un expediente de reintegro, ou se é o caso da perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle á persoa interesada un prazo de 10 días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e á vista deste propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Unha vez concluídas estas actuacións e logo de ser emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda por parte da Xunta de Goberno.

15.- Normativa supletoria e recursos.

En todo caso o non disposto nestas bases seranlle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que se publica para os efectos oportunos.

Abegondo, 1 de outubro de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

2024/6883